

O sentido do deber

AÍNDA que socialmente non estea de moda, son dos que botan de menos o reverencial respecto pola **norma**. Pero non da norma entendida no estricto sentido de lei, que tamén, senón como criterio, guía, modelo, pauta ou regra que cómpre seguir para facer leveadeira a convivencia. E non me refiro, obviamente, á rixida formulación de preceptos que outrora nos inculcaban dende a infancia e que, ás veces e por demasiado encorsetados, reprimían máis que animaban.

Esta temporada de aí atrás, por imperativas de saúde familiar que me retiveron na casa, refuxiei-me na lectura, un deporte intelectual que nunca deixei de practicar dende que, xa de neno, meu pai, aquel culto obreiro que ía e viña de **Mugardos** a **Ferrol** onde traballaba na Constructora Naval, aproveitaba calquera papel con letras para me instruír, pechadas que foran as escolas por mor da 'incivil' guerra que mesmo nos desterrara da humilde aldeña de Meá na que eu nacera.



Entre os costumes que dende entón se me pegaron hai un que, polo visto, non é do agrado dos 'puritanos' do libro porque disque os estraga: subliño parágrafos enteiros para, se volvo ó libro, ir bater facilmente na idea que me alertou cando o lín. Teño libros con verdadeiros ríos de raias que me guían no mundo do seu autor. Pola contra, hainos impolutos, sen o menor subliñado. Supoño que non preciso aclarar cal son os libros que máis quero.

Pero neste da lectura teño outro hábito que, para serme útil, asenta na ordeada colección de retrincos de artigos xornalísticos, costume do que pode dar fe **Loli**, a miña sufrida secretaria: cando o contido e o autor me interesan, quedan debidamente arquivados. Pois velaí un froito que, felizmente, recollo desta miña manía: poder releer, de moradamente, **„Porque ‘me apetece’ ou ‘porque debo’?**”, un lúcido artigo no que **Victorino Pérez Prieto**, dende a súa cristiá postura de educador, comenta outro de **Rosa Montero** "reivindicando algo tan importante como pasado de moda: o sentido do deber". (O Recanto. DdeF. 18/VI/00).

E todo isto non terá algo que ver coa falta do respecto ós mestres que vén de denunciar o meu amigo **García Bodaño** (ECG, 10/XII/00) e do que tantas veces falou aquí a culta educadora, e tamén amiga, **Helena Villar**? como queira que sexa, alágrame saberme tan ben acompañado no meu modo de pensar. Porque, con eles, tamén eu me queixo de que "hoxe ninguén fala do sentido do deber; e, o que é peor, ninguén educa ós nenos no sentido do deber".

Agustín Sixto Seco

275 126

RECOPILACION DE PRENSA	
DATA	13-DECEMBRO-2011
PUBLICACION	EL CORREO GALLEGO
CIDADE	SANTIAGO